



## **SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL**

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### **Xunta Directiva Xeral**

Apartado 330. 15780 Santiago de Compostela

Teléfono (24 h) e fax: 981 58 44 26

<http://www.arrakis.es/~alcrique/sghn.htm>

Sr. Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Consellería de Medio Ambiente

Santiago de Compostela

En resposta ó seu escrito do 17-10-00, e a documentación que o acompañaba, adxunto remito as alegacións e comentarios da Sociedade Galega de Historia Natural sobre o borrador do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia, que a S.G.H.N. acolle con satisfacción pois, malia as imperfeccións de todo borrador que sempre hai que pulir, supón un primeiro paso notable cara a resolución dun importante problema ambiental.

En Santiado de Compostela a 8 de novembro de 2000

O Secretario Xeral

Visto e praxe o Presidente



## ALEGACIÓNS E COMENTARIOS DA S.G.H.N.

### Ó BORRADOR DO

### PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

#### Alegacións

- Páx. 39. Apartado 5.1.2. Sería máis correcto falar de estimación que de inventario, ou en todo caso, precisar que é un inventario estimativo ou aproximado, o cal non lle quita, en absoluto, méritos o grande traballo desenvolvido para cuantificar os residuos industriais. Suxírese: *Estimación dos Residuos Industriais xerados en Galicia en 1999*.
- Páx. 45. Táboa 2. Convén precisar que é a *Clasificación e cantidade de Residuos Perigosos xerados anualmente polas industrias Galegas (Tm)*.
- Páx. 46. Táboa 3. Ídem anterior.
- Páx. 47. Táboa 4. Ídem anterior.
- Páx. 57. Último epígrafe. Sería máis correcto falar de *Residuos de Procesos Químicos Orgánicos*.
- Páx. 95. Certamente será un grande avance pasar en 6 anos do 30 o 70% na porcentaxe de xestión axeitada dos residuos perigosos procedentes dos pequenos produtores, pero sería desexable unha referencia ó prazo estimado para acadar o 100%.
- Páx. 96. Apartado 2.2.2. Entre os obxectivos do plan para o sector de lousa e granito debería contemplarse a realización de estudos sobre a viabilidade do aproveitamento, alomenos parcial, dos materiais que hoxe en día rematan nas entulleiras. Por exemplo, hai canteiras especializadas na obtención de grandes bloques de granito que desbotan fragmentos máis pequenos que poderían transformarse en perpiaños ou triturarse para obter cascallos e grava. Outra mostra son os aserradeiros de lousa que desbotan fragmentos de rocha máis ou menos grandes que cecais poderían transformarse en pequenos bloques para a construción de muros. Estes obxectivos poderían incluírse tamén no punto 4 da páx. 106.
- Páx. 96. Apartado 2.2.3. O aproveitamento de antigas canteiras e graveiras inactivas coma vertedoiros controlados de RCD debería ter en conta o estado de rexeneración natural de ditas explotacións e facerse só naquelas non naturalizadas e/ou con menos posibilidades de rexeneración.
- Páx. 98. Apartado 3.2. Residuos non perigosos. Madeira. A valorización enerxética mediante caldeira de biomasa debería facerse só sobre os residuos de madeira sen tratamentos químicos. Coma os aserradeiros tratan algunha madeira, unha vez aserrada, con fungicidas (p. ex. pentaclorofenol), calquera subproduto posterior dos taboleiros tratados (p. ex. virutas de carpintería) conterá ditos produtos.
- Páx. 101. Os convenios de investigación Xunta-Universidades deberían extenderse a outros organismos públicos de investigación con experiencia no tema, coma o Instituto de Investigacións Pesqueiras de Vigo (CSIC) socio tradicional coas industrias nas investigacións pesqueiras.
- Páx. 115. Xestión Residuos de Madeira. Véxase o sinalado para a páx. 98.
- Páx. 125. Apartado 8.6. Programa de Investigación e Desenvolvemento. Debería incluír tamén a investigación sobre as mellores tecnoloxías dispoñibles para minimizar os residuos.



### Comentarios

1. Ó longo do borrador atópanse numerosas duplicidades entre texto, táboas e gráficos. Estas repeticións, lonxe de clarear os contidos, só dificultan a lectura do documento polo que se suxire a súa eliminación:
  - Páx. 23. Segundo paragrafo duplicado no gráfico 1.
  - Páx. 24. Primeiro paragrafo duplicado no gráfico 2.
  - Páx. 41. Primeiro paragrafo duplicado no gráfico 4.
  - Páx. 69. Texto do epígrafe 5.4.1.duplicado na Táboa 9.
  - Páx. 70. Texto do epígrafe 5.4.2.duplicado na Táboa 10.
  - Páx. 81. Táboa 12, información duplicada no gráfico 7 e nas táboas 14 e 19.
  - Páx. 83. Táboa 13, información duplicada no gráfico 8 e nas táboas 15 e 19.
  - Páx. 134. Táboa 21 duplicado no gráfico 13.
2. As dúas frases da páx. 96 sobre os aceites (Apartado 3.1. Residuos perigosos) poden facilmente simplificarse nunha soa.
3. ¿É correcto o tamaño de 500 x 150 mm sinalado na páx. 114. no epígrafe sobre a planta de trituración e valorización de pneumáticos?

## **ALEGACIONES E COMENTARIOS DA S.G.H.N. Ó SEGUNDO BORRADOR DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA**

- Páx. 39. Apartado 5.1.2. Sería máis correcto falar de estimación que de inventario, ou en todo caso, precisar que é un inventario estimativo ou aproximado, o cal non lle quita, en absoluto, méritos o grande traballo desenvolvido para cuantifica-los. Suxírese: Estimación dos Residuos Industriais xerados en Galicia en 1999.
- Páx. 57. Último epígrafe. Sería máis correcto falar de Residuos de Procesos Químicos Orgánicos.
- Páx. 95. Certamente será un grande avance pasar en 6 anos do 30 o 70% na porcentaxe de xestión axeitada dos residuos perigosos procedentes dos pequenos produtores, pero sería desexable unha referencia ó prazo estimado para acadar o 100%.
- Páx. 96. Apartado 2.2.2. Entre os obxectivos do plan para o sector de lousa e granito debería contemplarse a realización de estudos sobre a viabilidade do aproveitamento, alomenos parcial, dos materiais que hoxe en día rematan nas entulleiras. Estes obxectivos poderían incluírse tamén no punto 4 da páx. 106.
- Páx. 96. Apartado 2.2.3. O aproveitamento de antigas canteiras e graveiras inactivas coma vertedoiros controlados de RCD debería ter en conta o estado de rexeneración natural de ditas explotacións e facerse só naquelas non naturalizadas e con poucas posibilidades de rexeneración natural.
- Páx. 98. Apartado 3.2. Residuos non perigosos. Madeira. A valorización enerxética mediante caldeira de biomasa debería facerse só sobre os residuos de madeira sen tratamentos químicos. Como os aserradeiros tratan algunha madeira, unha vez aserrada, con funxicidas (p. ex. pentaclorofenol), calquera subproduto posterior dos taboleiros tratados (p. ex. virutas de carpintería) conterà ditos produtos.
- Páx. 115. Xestión Residuos de Madeira. Véxase o sinalado para a páx. 98.
- Páx. 125. Apartado 8.6. Programa de Investigación e Desenvolvemento. Debería incluír tamén a investigación sobre as mellores tecnoloxías dispoñibles para minimizar os residuos.